

ACTIVIDADES 2018



ACTIVIDADES ESTABLES

CAMPAÑAS 11F | 8M | 25N

OBSERVATORIO DE IGUALDADE

PREMIOS EXERIA

AXUDAS PARA ACTIVIDADES DOCENTES E DE SENSIBILIZACIÓN

BOLETÍN DE IGUALDADE

CALENDARIO ANUAL

Presentamos algunhas das accións implementadas desde a **Unidade de Igualdade** na Universidade de Vigo para avanzar na igualdade de xénero.

Se queres coñecer en profundidade o noso traballo podes acceder a Memoria completa onde se describen todas as medidas desenvoltas durante o 2018.

Unidade de Igualdade

Edif. Ernestina Otero 1º andar

Campus universitario Vigo

igualdade@uvigo.gal

986 813 419



Diagnose do acoso sexual e por razón de sexo da Universidade de Vigo



O estudo foi presentado o 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

Na mesma data tamén se presentou a campaña institucional contra as violencias machistas, centrada nesta ocasión na violencia simbólico, como a que provoca o uso de linguaxe sexista.

O Consello de Goberno aproba unha novidosa acción positiva nas convocatorias de avaliación do PDI

Esta medida busca reducir a fenda de coidados na carreira investigadora. No [espazo web](#) da Unidade de Igualdade épódense consultar as bases e descargar a solicitude.

Un equipo de investigación do Campus de Ourese, especializado en violencia de xénero e liderado por María Lameiras, elaborou este estudo que analiza o acoso sexual e por razón de sexo na comunidade universitaria.

A *Diagnose* é a primeira feita na UVigo e unha das primeiras das universidades españolas.



Asinado un convenio de colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade para a asignación de fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero

A través desta colaboración a Universidade de Vigo recibirá unha partida de 40 000 euros para desenvolver actividades relacionadas coa loita contra a violencia contra as mulleres.